

## CAMPO DE VOLUNTARIADO "ARBORETUM" (MESÍA – A CORUÑA)


DATAS	IDADES	ÁMBITO	MODALIDADE	PRAZAS
17-28/08/2022	18-30	Internacional	Medioambiental e social	15

### LOCALIZACIÓN

Mesía é un concello da provincia da Coruña. Dista de Santiago 42 Km e 46 Km da Coruña. Pola súa situación territorial, ostentou durante a Idade Media a categoría de enclave estratéxico moi codiciado polos señores feudais laicos e polos eclesiásticos.

A súa importancia histórica débese en gran parte ao seu carácter fronteirizo e á súa situación privilexiada, estando recorrida e segregándoa por importantes vías de comunicación que unían as Mariñas con Santiago de Compostela, e polas que discorría a circulación dos comerciantes europeos que descargaban as súas mercadorías nos portos brigantinos.

### DESCRICIÓN DO CAMPO



A intervención neste xardín botánico xirará en torno a tres actividades principais:

1. Plantación dun xardín sensorial con exemplares de plantas e herbas aromáticas que estimulen o olfacto e outros sentidos e a construción dun estanque para estimular o oído con pequenas cascadas de auga aproveitando o desnivel do Arboretum.

2. Plantación dun bosque comestible e identificación das especies plantadas.

3. Construír hoteis de insectos, niños para aves e casas para morcegos.



O penúltimo día do campo, o grupo de participantes fará unha visita guiada para as veciñas e veciños de Mesía para presentarlles os avances no Arboretum e os resultados deste traballo.

### ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

- Obradoiro de queixo, pan e cestería.
- Excursións a Santiago de Compostela, a Lugo, ao Castro de Baroña e a Corrubedo.
- Veladas e foliadas.



### COMO CHEGAR

Por estrada, dende A Coruña, pódese viaxar coa empresa [www.arriva.gal](http://www.arriva.gal) e dende Santiago de Compostela ou Lugo con [www.monbus.es](http://www.monbus.es).

A estación de tren de Teixeira, en Curtis, ten conexións diarias coa Coruña e Lugo.

### ALOXAMENTO E MANUTENCIÓN

As persoas participantes aloxaranse na Aula da Natureza das Brañas da Valga, no Centro Sociocultural de Visanña: <https://maps.app.goo.gl/vZ5CTcRbiF4y31F26>



### INCORPORACIÓN, PUNTO DE ENCONTRO

O primeiro día a partir das 16.00 h na estación de ferrocarril de Curtis-Teixeiro.

### COTA

CENTO DEZ (**110 €**) euros. As persoas posuidoras do Carné xove, título de familia numerosa ou familia monoparental: OITENTA E DOUS EUROS E CINCUENTA CÉNTIMOS (**82,50 €**).



## CAMPO DE VOLUNTARIADO "ARBORETUM"

(MESÍA – A CORUÑA)

### DEVOLUCIÓN DA COTA

Circunstancias que dan dereito á devolución da cota:

a) Anulación da actividade ou non prestación do servizo por causas non imputables á persoa interesada.

b) Ingreso hospitalario, causa médica grave ou diagnóstico positivo en Covid 19 que afecte á persoa interesada e lle impida incorporarse ao campo. Deberá acreditarse con informes médicos e/ou do hospital no que estea ingresada, ou coa certificación do resultado da proba da Covid 19.

c) Falecemento ou enfermidade grave dun familiar ata o 2º grao. Esta causa debe estar acreditada con informes médicos e/ou do hospital onde estea ingresado o familiar, ou co certificado de defunción, de ser o caso.

d) Abandono da actividade por calquera dos motivos recollidos na letra b), sempre e cando non transcorrese máis do 50 % dos días de duración do campo.

### EQUIPO ACONSELLABLE

- Útiles de aseo e toalla de ducha
- Saco de durmir e mochila para rutas
- Calzado cómodo para montaña e calzado deportivo
- Roupa: de deporte (suadoiros), de baño (traxe de baño, toalla, chancletas), de abrigo (roupa

idónea para poder realizar o traballo no caso de choiva ou frío), de auga (chuvasqueiro), de traballo (guantes, gorro, calzado cómodo, botas de montaña...)

### DOCUMENTACIÓN

Todas as persoas participantes deberán levar o seu documento de identidade e a tarxeta sanitaria.

### SEGURO

Todas as persoas participantes disporán dun seguro que cobre os accidentes que se poidan producir durante a actividade e a responsabilidade civil que deles se poida derivar.

### CONTACTOS

Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado:

T. 981 957 115 - [camposdetraballo.xuventude@xunta.gal](mailto:camposdetraballo.xuventude@xunta.gal)

Servizo de Xuventude e Voluntariado da Coruña:

T. 881 881 238 - [camposcoruna.xuventude@xunta.gal](mailto:camposcoruna.xuventude@xunta.gal)

### INFORMACIÓN ADICIONAL

**[xuventude.xunta.es](http://xuventude.xunta.es)** Portal da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado da Xunta de Galicia con toda a información sobre campos, ocio e tempo libre, actividades, formación...

**@xuventudegalicia** Redes sociais da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado